

2ª CIRCULAR INFORMATIVA PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA: ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR 2022-2023.

A XUNTA ELECTORAL quere trasladar a toda a Comunidade Educativa do CEIP de Teixeiro-Curtis, os datos máis salientables deste proceso:

- Postos vacantes no Consello Escolar: 2 postos no sector de nais/pais/titores legais, os electores deberán escoller entre os candidatos.
- Censo electoral: publicado no taboeiro de anuncios do centro dende hoxe día 10 de novembro. Prazo de reclamación ao censo: ata o 17 de novembro.
- Presentación de candidaturas: do 11 ao 18 de novembro de 2022 (descargar ou solicitar impreso e entregalo na secretaría deste Centro educativo). Prazo de reclamacións: 21 e 22 de novembro.
- Celebración das eleccións: martes 29 de novembro de 2022 (comedor).

Tanto o EQUIPO DIRECTIVO coma dende a XUNTA ELECTORAL, queremos animarvos a presentar as vosas candidaturas aos postos que se renovan no sector de pais/nais/titores legais, e por suposto, a participar na votación desta Renovación Parcial do noso Consello Escolar.

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL



Asdo. Susana Vázquez Rivera.

